

## A MARIÑA

# A literatura galega honra ao creador Manuel Lourenzo

Crónica | Un programa entre Ferreira e Alfoz

A Asociación de Escritores de Língua Galega organiza os actos

la voz | o valadouro

? Asociación de Escritores en Língua Galega programou para hoxe varios actos de homenaxe ao dramaturgo, tradutor e poeta natural do Valadouro, Manuel Lourenzo. Antes que a Lourenzo a asociación honrou a escritores como Antón Avilés de Taramancos, Manuel María, Chao Rego, Luz Pozo Garza e Neira Vilas, entre outros.

Ás once e media está previsto que o homenaxeado prante un érbedo e descubra a pedra escultórica no parque de Concepción Arenal, en Ferreira. Ademais do escritor intervirá o presidente da AELG, Cesáreo Sánchez. A continuación, terá lugar o descubrimento dunha placa na súa casa natal. De seguido os actos trasladaranse ao centro sociocultural do Valadouro onde intervirán o presidente da AELG ademais de Lourenzo.

A partir das 13.30 horas, xa na Torre Pardo de Cela (Alfoz) o escritor recibirá o galardón Letra E, en recoñemento á súa labor de escritor. O investigador Henrique Rabuñal lerá a laudatio e terá lugar a entrega da peza escultórica do artista Acisclo Manzano, antes da intervención de Lourenzo. Sobre as dúas e media comenzará un xantar de confraternidade no restaurante O Frenazo.

Asimesmo, a corporación do Valadouro acordou en pleno que o centro social leve o nome do autor.



PEPA LOSADA

LA VOZ DE GALICIA, S.A. se reserva todos los derechos como autor colectivo de este periódico y, al amparo del art. 32.1 de la Ley de Propiedad Intelectual, expresamente se opone a la consideración como citas de las reproducciones periódicas efectuadas en forma de reseñas o revista de prensa. Sin la previa autorización por escrito de la sociedad editora, esta publicación no puede ser, ni en todo ni en parte, reproducida, distribuida, comunicada públicamente, registrada o transmitida por un sistema de recuperación de información, ni tratada o explotada por ningún medio o sistema, sea mecánico, fotoquímico, electrónico, magnético, electro óptico, de fotocopia o cualquier otro en general. M de A Coruña en el Tomo 2.438 del Archivo, Sección General, al folio 92, hoja C-2141. CIF: A 15000649

© Copyright LA VOZ DE GALICIA S.A. Polígono de Sabón, Arteixo, A CORUÑA (España) RM de A Coruña: tomo 2413, folio 84, hoja C-12502. CIF: B-15.482.177